

TERCEIRO EXERCICIO (ESPECIALIDADE BIBLIOTECAS)

SUPOSTO PRÁCTICO 4

A Lei 17/2022, pola que se modifica a Lei 14/2011, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, pon en valor a ciencia como un ben común e defende o acceso aberto aos resultados da investigación financiados con fondos públicos. Igualmente, a Lei Orgánica 2/2023 do sistema universitario (LOSU), no seu artigo 12 (Fomento da Ciencia Aberta e Ciencia Cidadá) afianza o mandato de depósito en aberto dos resultados de investigación no ámbito universitario, sitúa os repositorios institucionais como elementos centrais para o seu cumprimento, e reforza o papel das bibliotecas na formación e difusión da Ciencia Aberta.

Ante este novo paradigma, o Persoal Docente e Investigador (PDI) da Universidade de Santiago de Compostela, como axente principal da produción científica, debe coñecer o escenario e participar nel activamente. A Biblioteca Universitaria (BUSC) ten entre as súas funcións dar apoio á investigación, e, recollendo o mandato do artigo 12 da LOSU, desenvolver un plan de formación dirixido ao PDI, onde se recollan os distintos aspectos da Ciencia Aberta.

Á vista do anterior, a dirección da Biblioteca Universitaria encárgalle a vostede a **elaboración dun Plan de Formación en Ciencia Aberta dirixido ao Persoal Docente e Investigador (PDI) da Universidade de Santiago de Compostela, que se desenvolva ao longo do curso académico 2024-2025.**

A finalidade do Plan será difundir o concepto da Ciencia Aberta e formar o PDI na utilización das ferramentas necesarias para desenvolver a súa investigación de acordo cos principios da Ciencia Aberta e coas obrigas do marco normativo vixente. **O Plan deberá ter en conta os recursos tecnolóxicos, materiais, económicos e humanos necesarios, así como elementos de avaliación que permitan corrixir posibles desaxustes.**



Tribunal probas selectivas para o acceso á escala facultativa de arquivos, bibliotecas e museos, especialidade bibliotecas e especialidade arquivos, subgrupo A1

R.R. do 25.08.2023 (DOGA 6.09.2023)

Para o desenvolvemento deste suposto proporciónanselle os documentos: *Estrategia Nacional de Ciencia Abierta* (Anexo I) e datos extraídos da *USC en Cifras* (Anexo II).